



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Cualedro

Convocatoria para a selección de persoal para a provisión dos postos de traballo: 2 xefes de brigada, 2 peóns-condutor e 6 peóns.

A alcaldía, mediante Resolución do 6 de xullo de 2016, aprobou as bases ás que se axustará o concurso-oposición para seleccionar e contratar temporalmente a: 2 xefes de brigada, 2 peóns-condutor e 6 peóns.

Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes no Rexistro do concello de 9.00 a 14.00 horas, durante o prazo de tres días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP.

As solicitudes recollerán os requisitos establecidos nas bases, que se atopan a disposición do público no concello e na páxina www.cualedro.es

Cualedro, 6 de xullo de 2016. O alcalde.

Asdo.: Luciano Rivero Cuquejo.

Convocatoria para la selección de personal para la provisión de los puestos de trabajo: 2 jefes de brigada, 2 peones-condutor y 6 peones.

La alcaldía, mediante Resolución del 6 de julio de 2016, aprobó las bases a las que se ajustará el concurso-oposición para seleccionar y contratar temporalmente a: 2 jefes de brigada, 2 peones-condutor y 6 peones.

Los/las interesados/as podrán presentar sus solicitudes en el Registro del Ayuntamiento de 9:00 a 14:00, durante el plazo de tres días hábiles siguientes al de la publicación de este anuncio en el BOP.

Las solicitudes recogerán los requisitos establecidos en las bases, que se encuentran a disposición del público en el Ayuntamiento y en la página www.cualedro.es

Cualedro, 6 de julio de 2016. El alcalde.

Fdo.: Luciano Rivero Cuquejo.

R. 2.264

Laza

Anuncio de selección de persoal para a provisión dos postos de traballo: 2 xefes de brigada, 2 peóns-condutor e 6 peóns.

A alcaldía, mediante Resolución do 7 de xullo de 2016, aprobou as bases ás que se axustará o concurso-oposición para seleccionar e contratar temporalmente a: 2 xefes de brigada, 2 peóns-condutor e 6 peóns.

Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes no Rexistro do concello de 9.00 a 14.00 horas, durante o prazo de tres días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP.

As solicitudes recollerán os requisitos establecidos nas bases, que se atopan a disposición do público no concello.

Laza, 7 de xullo de 2016. O alcalde.

Asdo.: José Ramón Barreal Novo.

Anuncio de selección de personal para la provisión de los puestos de trabajo: 2 jefes de brigada, 2 peones-condutor y seis peones.

La alcaldía, mediante Resolución del 7 de julio de 2016, aprobó las bases a las que se ajustará el concurso-oposición para

seleccionar y contratar temporalmente a: 2 jefes de brigada, 2 peones-condutor y 6 peones.

Los/las interesados/as podrán presentar sus solicitudes en el Registro del ayuntamiento de 9:00 a 14:00 horas, durante el plazo de tres días hábiles siguientes al de la publicación de este anuncio en el BOP.

Las solicitudes recogerán los requisitos establecidos en las bases, que se encuentran a disposición del público en el ayuntamiento.

Laza, 7 de julio de 2016. El alcalde.

Fdo.: José Ramón Barreal Novo.

R. 2.277

Monterrei

Edicto

Convocatoria de selección de persoal para a provisión dos postos de traballo: 2 xefes de brigada, 2 peóns-condutor e 6 peóns.

A alcaldía, mediante Resolución do 7 de xullo de 2016, aprobou as bases ás que se axustará o concurso-oposición para seleccionar e contratar temporalmente a: 2 xefes de brigada, 2 peóns-condutor e 6 peóns.

Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes no Rexistro do concello de 9.00 a 14.00 horas, durante o prazo de tres días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP.

As solicitudes recollerán os requisitos establecidos nas bases, que se atopan a disposición do público no concello e na páxina web www.monterrei.es

Monterrei, 7 de xullo de 2016. O alcalde.

Asdo.: José Luis Suárez Martínez.

Edicto

Convocatoria de selección de personal para la provisión de los puestos de trabajo: 2 jefes de brigada, 2 peones-condutor y seis peones.

La alcaldía, mediante Resolución del 7 de julio de 2016, aprobó las bases a las que se ajustará el concurso-oposición para seleccionar y contratar temporalmente a: 2 jefes de brigada, 2 peones-condutor y 6 peones.

Los/las interesados/as podrán presentar sus solicitudes en el Registro del ayuntamiento de 9:00 a 14:00 horas, durante el plazo de tres días hábiles siguientes al de la publicación de este anuncio en el BOP.

Las solicitudes recogerán los requisitos establecidos en las bases, que se encuentran a disposición del público en el ayuntamiento y en la página www.monterrei.es

Monterrei, 7 de julio de 2016. El alcalde.

Fdo.: José Luis Suárez Martínez.

R. 2.254

Oímbra

Edicto

Anuncio de selección de persoal para a provisión dos postos de traballo: 2 xefes de brigada, 2 peóns-condutor e 6 peóns.

A alcaldía, mediante Resolución do 7 de xullo de 2016, aprobou as bases ás que se axustará o concurso-oposición para seleccionar e contratar temporalmente a: 2 xefes de brigada, 2 peóns-condutor e 6 peóns.

Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes no Rexistro do concello de 9:00 a 14:00 horas, durante o prazo de tres días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP.

As solicitudes recollerán os requisitos establecidos nas bases, que se atopan a disposición do público no concello e na páxina www.oimbra.es

Oimbra, 07 de xullo de 2016. A alcaldesa.

Asdo.: Ana M.ª Villarino Pardo.

Edicto

Anuncio de selección de personal para la provisión de los puestos de trabajo: 2 jefes de brigada, 2 peones-conductor y seis peones.

La Alcaldía, mediante Resolución del 7 de julio de 2016, aprobó las bases a las que se ajustará el concurso-oposición para seleccionar y contratar temporalmente a: 2 jefes de brigada, 2 peones-conductor y 6 peones.

Los/las interesados/as podrán presentar sus solicitudes en el Registro del ayuntamiento de 9:00 a 14:00 horas, durante el plazo de tres días hábiles siguientes al de la publicación de este anuncio en el BOP.

Las solicitudes recogerán los requisitos establecidos en las bases, que se encuentran a disposición del público en el ayuntamiento y en la página www.oimbra.es

Oimbra, 7 de julio de 2016. La alcaldesa.

Fdo.: Ana M.ª Villarino Pardo.

R. 2.272

Ourense

Aprobación de bases e convocatoria de axudas en especie para locais de asociacións de maiores do Concello de Ourense para o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 23 de xuño de 2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras de subvencións en especie para locais de asociacións de maiores do Concello de Ourense.

Segundo.- Convocar a concesión de subvencións en especie para locais de asociacións de maiores do Concello de Ourense, correspondentes ao ano 2017, segundo as bases xerais da convocatoria.

Terceiro.- Aprobar a convocatoria con cargo á partida 150.2310.20200.621, do orzamento municipal, segundo RCFUTL núm. 2016000015795 e acolléndose á tramitación anticipada de gasto, segundo o disposto no RD 887/2006 do 21 de xullo, que aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Con suxeición á normativa orzamentaria, a concesión de achegas quedará sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no momento de ditarse a resolución de concesión.

Bases xerais de subvencións en especie para locais de asociacións de maiores do Concello de Ourense

Artigo 1. OBXECTO

As presentes bases regulan unha liña de concesión de axudas que consiste na entrega de locais, alugados polo Concello de Ourense coa finalidade exclusiva de que se entreguen a terceiros, segundo o previsto no artigo 3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a Asociacións de persoas maiores do Concello de Ourense para

a realización de actividades culturais, recreativas e de convivencia, encamiñadas a promover a integración e participación na vida comunitaria do colectivo que integra a terceira idade, favorecendo o seu mantemento no medio social habitual, que cumpran os requisitos esixidos para seren beneficiarios.

Artigo 2. CRÉDITO E PARTIDA ORZAMENTARIA

A concesión das subvencións que constitúen o obxecto destas bases reguladoras estará limitada ao crédito máximo dispoñible, con carácter anual, habilitado no orzamento do Concello de Ourense para a Concellería de asuntos socias, partida de "alugamento de locais de acción social".

A convocatoria poderá acollerse á tramitación anticipada de gasto, segundo o disposto en el RD 887/2006, do 21 de xullo, que aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións. En este caso, con suxeición á normativa orzamentaria, a concesión das achegas quedará sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no momento de ditarse a resolución de concesión. Non obstante, no suposto de que a adquisición dos locais teña lugar con posterioridade á convocatoria das axudas, será necesaria a aprobación do gasto con carácter previo á convocatoria, segundo o disposto no artigo 3 do R.D. 887/2006, e no artigo 34.1 da Lei xeral de subvencións.

Artigo 3. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias as asociacións de persoas maiores e asociacións veciñais que reúnan os seguintes requisitos:

1.Asociacións constituídas legalmente ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación; será condición indispensable que a asociación interesada no teña ánimo de lucro e que estea inscrita no correspondente Rexistro da Comunidade Autónoma de Galicia e no Libro de entidades cidadás do Concello de Ourense.

2.Se considera que a asociación non ten ánimo de lucro cando así figura nos seus estatutos e non desenvolva actividade económica algunha.

3.Que estatutariamente teñan como finalidade principal a procura promover iniciativas, proxectos, programas para un envellecemento activo e un conxunto de actividades de ocio e tempo libre para as persoas maiores; ou, no caso de asociacións de veciños, que a asociación conte con sección ou vogalía de maiores para estes fins, segundo os seus estatutos

4.Estar ao corrente en canto ás obrigas tributarias coa Xunta de Galicia, a Axencia Estatal de Administración Tributaria, así como das súas obrigas coa Seguridade Social, e non estar sometidas a ningún procedemento sancionador incoado por este motivo.

5.Non conseguirá a condición de beneficiario quen estea incurso en causa de exclusión ou prohibición das contempladas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, quen sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

6.Cumprir cos demais requisitos formais e materiais previstos nesta convocatoria e na normativa de subvencións aplicable.

7.Que se comprometan a establecer un horario de apertura do local, cun mínimo de 500 horas ao ano.

8.Que desenvolvan un programa de actividades e servizos aos cidadáns do colectivo de persoas maiores.

Artigo 4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. Prazo e lugar de presentación: o prazo de presentación de solicitudes será de 20 días, contados a partir do día seguinte a aquel da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da